

Área de Recursos
Humanos e Formación
Expediente 39126/220

CONCELLERÍA DE
CONTRATAÇÃO,
PATRIMONIO E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



PROCESO SELECTIVO TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL

OEP 2017-2018-2019

QUENDA PROMOCIÓN INTERNA

ANUNCIO PARA COMUNICAR CORRECCIÓN ERRO NO NOME DA PRIMEIRA VOGAL

Primeiro.- O órgano de selección encargado de xulgalas probas selectivas correspondentes á cobertura de unha praza pola quenda de promoción interna de funcionarios/as de carreira como Técnico/a de administración xeral (rama xurídica), enmarcadas no Grupo A de titulación, Subgrupo A1; escala, Administración Xeral; subescala, técnica; clase, superior, de conformidade coas bases xerais aprobadas pola Xunta de de Goberno Local, na sesión de 12 de marzo de 2020 e as específicas aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de 5 de novembro de 2020, na sesión constitutiva de data 24 de xaneiro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“A solicitude da primeira vogal faise constar que existe un erro no seu nome, sendo o correcto Marina e non Mariña como figura no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión do día 3 de decembro de 2021, no que se designan os membros integrantes dos órganos de selección, procedéndose á rectificación do mesmo en virtude do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, corrección que se publicará no Taboleiro de Edictos e na páxina web municipal para xeral coñecemento.”

Segundo.- O órgano de selección dispón a publicación deste anuncio, aos efectos procedentes, na páxina web municipal (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos do Concello de Vigo.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O Secretario do órgano de selección, Lucio C. Varela Borreguero

A Presidenta do órgano de selección, María del Carmen Pazos Area



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/01/2022 14:56	Páxina 1 de 1
39126-220	CSV: ADA6AH-3F5H2E-35D5A9-ZAFL6K-GH9Q3C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		